



Concello de Aranga – Departamento de Servizos Sociais

Praza Mestre Mosquera nº 1 (Ponte-Aranga)

15317 Aranga - A Coruña

Tlf: 646 578 768

Aprobación do padrón do prezo público do servizo de axuda no fogar do mes de xullo do Concello de Aranga

APROBACIÓN DO PADRÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XULLO DE 2025

Por Resolución da alcaldía do 07.08.2025, aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2025, expoñéndose ao público para a súa notificación colectiva, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio, quedando a disposición dos interesados a efectos da presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, as persoas contribuíntes poderán interpoñer preceptivamente o recurso de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderase rexeitado se no prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Aranga, 7 de agosto de 2025

O alcalde en funcións

José Miguel Iglesias Ares

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei.

Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica.